



MÚSICA NAS TÚAS PALABRAS

Orchestra Orff I.E.S. As Bizocas

IV Edición

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

O Grove

22 de xuño de 2010



O PROGRAMA

O Departamento de Música do I.E.S. As Bizocas ten o pracer de presentarlle:

As Músicas de Jos Wuytack: Nesta ocasión o repertorio da O.O. IES As Bizocas céntrase na súa totalidade na obra do compositor belga **Jos Wuytack** (1935). O pasado 20 de marzo a orquestra foi invitada a participar nun concerto en Porto (Portugal), onde se celebraba a vida e a obra do que moi probablemente sexa o autor e pedagogo musical máis importante do mundo, o que para nós supuxo unha honra desas das que nin se soñan.

O IV Certame de poesía **Xosé A. Barral:**

Fundado durante o curso 2006/2007 polos profesores **Xosé Manuel Durán** e **Olga Lalín**, este concurso literario onde a música está tan presente, véñse convertindo nunha referencia no panorama do ensino galego. Desta volta o poema gañador foi **A lúa parece azul...** da alumna do I.E.S. Nº1 de A Estrada, **Minerva Cao Puente**. A aproximación musical a ese texto levounos desta volta a ambientes jazzísticos onde contamos coa colaboración do clarinete de **Mª Isabel Valle**, profesora de música tamén no I.E.S. As Bizocas e da intuición e bo sentido musical da alumna do I.E.S. Monte da Vila de O Grove e ex-alumna de As

Bizocas, **Lisset Álvarez Nuéz** que puxo o seu tamén na adaptación do poema a un contexto máis de canción.

A Orquestra Orff I.E.S. As Bizocas:

Fundada durante o curso 2006/2007 polo profesor **Xosé Manuel Durán**, supón a cristalización dunha iniciativa que tiña por obxectivo crear unha formación estable que se servese dos instrumentos propios da dotación dunha aula de música no ensino secundario.

Está formada por 20 alumnos e alumnas pertencentes a tódolos cursos que se imparten no centro, de 1º a 4º da E.S.O. A eles súmanse antigos compoñentes que queren seguir deste xeito vinculados á nosa comunidade educativa.

Desde o comezo, este é un proxecto que se pretendía vinculado ao resto de iniciativas postas en marcha no noso instituto e coa actividade cultural do concello de **O Grove**. E hoxe é o día en que os actos da orquestra contribúen ao acontecer da vila.

Grazas de corazón por vir, ogallá disfruten do concerto!

AS MÚSICAS DE JOS WUYTACK

Suite de danzas españolas

1. Malagueña
2. Muiñeira
3. Al Agudo
4. Jota de Romería

Variations sur un air de pendule

1. Tema
2. Valse mussette
3. Valse lento
4. Ondeggiando dolce
5. Zarabanda
6. Danza labrega
7. Mamba
8. Danza grega
9. Carroussel
10. Postludio

Mini Variations

Geographiques sur “Se Canto”

1. Tema
2. Alla polacca
3. Casatchok
4. Napolitana
5. Alla Greca

Bolero

O POEMA GAÑADOR DO IV CERTAME DE POESÍA XOSÉ A. BARRAL

A lúa parece azul
E reflíctese no río.
Máis parecen os teus ollos.
Ollos fríos.

Eses peixes remexéndose
Corren coma as miñas bágoas.
Coma se che pido amor.
E choro
É por min.
É por min.

Eu son o areal
Que recibe a túa auga.
Ás veces prefiro
Que sigas correndo
Para que non me vexas chorar.

Por que as bágoas tamén son azúis.

A area marcha tamén
A morrer á túa beira.
Aínda así o areal
Déixase derramar.

Minerva Cao Puente, 3º E.S.O.
IES no. 1 A Estrada